



A NOVA "GAME BOY ADVANCE" DOS PROFES

Ao comezar este novo curso, todos quedamos abraizados co novo inventiño do dire. Os nosos vellos e queridos partes desapareceran de novo, aínda que esta vez para sempre... UN MINUTO DE SILENCIO POR ELES.

Superada a nosa tristeza inicial, atopámonos coa causa desta terrible perda: un malévolos aparello, traído para amargarnos a existencia, impedíndonos poder abandonar o recinto escolar en horas lectivas iiiA ver quen é o listo que lata agora!!!

O "Tamagochi", como é agora coñecido, utilizará en breve os seus superpoderes (é dicir, a electrónica) para enviarlles as nosas insignificantes faltas aos nosos pais.

Por iso vémonos na obriga de protestar contra este novo aparello, posto que atenta seriamente contra a saúde dos nosos queridísimos proxenitores. Quizais pensades que esta-

mos esaxerando, pero xa veredes como con un par de exemplos entendedes a que nos referimos. E se non, imaxínade que o voso pai está todo concentrado cociñando por primeira vez porque é o aniversario da vosa nai e lle quere dar unha sorpresa. De súpeto, soa un pitido no móbil. Coa tixola ao lume, o voso pai achégase ao teléfono e le que a súa filliña da alma, que endexamais rompeu un prato, faltou a quince clases seguidas de lingua castelá. O pobriño, claro, co susto, cae espatelado enriba da cociña, a tixola sae voando polo aire e cáelle todo o aceite na cara. Por riba entra a vosa nai na cociña e, ao ver a desfeita, ponse como unha tola... iiiIDESGRACIA!!!

Ou, se non, imaxínade que a vosa nai, polo voso 10 en mate (que en realidade foi "algo" menos) vos está a puntiño de mercar ese pantalón co que levades meses soñando. De repente chega esa inoportuna mensaxe que

provoca unha catástrofe mundial. A vosa nai, á parte de non comprarvos o pantalón, confisca toda a roupa do voso armario (ou a vosa amada Play Station 2 se sodes tíos).

E dicídemme agora ¿vedes ou non vedes o grave perigo ao que este aparello somete, non só aos nosos pais, senón a toda a sociedade?

Finalmente, rogámoslle á dirección do centro que retire canto antes as devanditas máquinas do instituto, xa que, á parte de destruír familias enteiras, como probamos anteriormente, pode acabar causando serias adicións aos profesores (segundo temos entendido, claro).

Polo tanto, polo ben dos pais, dos profesores e, finalmente, polo das nosas neuronas: iiiNON Á GAME BOY!!!

Alba Torreiro Vilela
Inge Marie Andersen Martínez
Marta Varela Gómez

¿REPORTEROS?

Como todos sabedes, se cadra agora que saíu o Intres xa coñecedes tamén os resultados, nos últimos días para entregar ao equipo de redacción as nosas creacións, disparáronse as enquisas e púxose de moda o de petar ás portas das aulas cun sorriso nos beizos e dicir:

"¿Pode saír un rapaz e unha rapaza?"; pero isto que é, ¿un lugar de ensino, a facultade de Xornalismo ou a de Socioloxía tal vez? Se cadra confundínme de cruce. Ben sei que o Intres é a publicación do IES, e nela expoñemos o que nos preocupa, o que queremos, o que non..., pero se o número deste nadal se vai encher de investigacións sobre quen ten mellor cu en 3º da ESO, se cadra perde calidade literaria, ¿ou que vos parece? Non é a miña intención ofender a ninguén, só pido que vos paredes a pensar en que é máis importante: perder clase ou ter unha boa revista de noso, envexada por moitos centros. PENSÁDEO.

